

Respostas CN 5ºB. Semana 1-5 xuño.

ATENCIÓN: ESTA FICHA É PARA ENTREGAR.

Colexioflavia1@gmail.com.

-Deben estar feitas no cuaderno.

- Destacando os enunciados e deixando espazos.

-Escribir con letra ben clara.

- Importante! Non olvidar de poñer o nome e apelidos e tamén o nº de lista na parte superior dereita.


Tarefa 1

Escribe o nome de tres plantas fanerógamas de talo herbáceo, tres de talo leñoso que sexan arbustos e tres de talo leñoso que sexan árbores.

Tarefa persoal

Tarefa 2

Clasifica estas follas segundo o seu bordo e o seu limbo.



	Según o limbo	Según o bordo
Folla nº 1	<i>acorazonada</i>	<i>enteira</i>
Folla nº 2	<i>lanceolada</i>	<i>enteira</i>
Folla nº 3	<i>lanceolada</i>	<i>aserrada</i>
Folla nº 4	<i>lanceolada</i>	<i>aserrada</i>
Folla nº 5	<i>acorazonada</i>	<i>dentada</i>
Folla nº 6	<i>acorazonada</i>	<i>enteira</i>
Folla nº 7	<i>acorazonada</i>	<i>dentada</i>

Folla nº 8	acorazonada	dentada
Folla nº 9	acicular	enteira

Tarefa 3

Escribe as características principais dos fentos e dos mofos. En que se parecen e en que se diferencian.

-Os fentos ou feitos son plantas superiores que non teñen flores. Na maioría deles, o talo desenvólvese horizontalmente e lixeiramente enterrado.

Os fentos poden medir máis dun metro de altura. Viven en bosques húmidos, onde poden ocupar grandes extensións.

-Os mofos, brións ou carrizas están formados por un conxunto de falsos talos moi simples, dos que saen numerosas estruturas, que son semellantes as follas.

Miden uns poucos centímetros de altura. Como non teñen raíces que absorban a auga do solo, secan ben axiña en ambientes secos

As dúas especies teñen en común que non teñen flores e viven en lugares sombrios e húmedos

Tarefa 4

Contesta ás seguintes preguntas:

-Por que a planta so capta enerxía durante o día?

Porque necesita a luz do sol para poder elaborar a enerxía mediante a fotosíntese

-De onde obteñen as plantas a materia orgánica?

As plantas fabrican os seus propios alimentos(materia orgánica) mediante un proceso denominado fotosíntesis. Para iso, só necesitan a enerxía do Sol, auga, un gas chamado dióxido de carbono e sales minerais. A auga e os sales minerais obtéñenas do chan, e o dióxido de carbono absórbeno do aire.

.-Que composición teñen o zume bruto e o zume elaborado,? Por onde circula cada un?

O zume bruto está composto pola auga e as sales minerais absorbidos polas raíces. E transportado a planta polos **conductos leñosos**.

O Zume elaborado está composto pola materia orgánica producida mediante a fotosíntese e circula polos **conductos liberianos**.

-Como respira a planta durante o día e como o fai durante a noite?

As plantas, como os demais seres vivos, tamén respiran, isto é, absorben osíxeno do aire e expulsan dióxido de carbono. Así obteñen a enerxía que necesitan para vivir.

Durante o día, as plantas respiran sen necesidade de tomaren osíxeno do exterior, porque utilizan unha parte do que se produce durante a fotosíntese. **Pola noite**, como non levan a cabo a fotosíntese, as plantas necesitan tomar o osíxeno que hai no aire.

Tanto o osíxeno como o dióxido de carbono, que forman parte do aire, entran e saen da planta.

